Dozón Turismo

dozonturismo.gal

IGREXA DE VILARELLO

A esta igrexa chégase atravesando un pequeno núcleo cuxo último tramo debe facerse a pé dado o estreito que é o paso. Esta circnstancia achégalle un valor engadido á igrexa, á cal se chega deixando o núcleo á dereita e un espectacular contorno natural, á esquerda.

A igrexa é de planta rectangular dunha nave e ábsida destacada en altura con cuberta a catro augas. A sancristía está acaroada á cabeceira. A fachada ten unha portada alintelada, van central rectangular e unha espadana central dun hoco adornada con pináculos e unha cruz central. O seu adro está rodeado de muro e no seu interior tamén está o cemiterio. Un cruceiro sitúase na porta de entrada.



Vilarello (San Andrés)

42.61054, -8.02677

XUNTA DE GALICIA galicia Xacobeo 21·22 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN FEADER Europa inviste no rural LEADER agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL